



**X CONVOCATORIA PROXECTOS DE COÑECEMENTO
DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (PCC)
PARA PDI E PAS
2022**

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación
Universidade da Coruña

1. INTRODUCCIÓN

Os proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC) son unha iniciativa en que o persoal de investigación (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña teñen a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolvan lles dea a coñecer o funcionamento dos proxectos de cooperación internacional. Ademais disto, a realización dun PCC constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para as propias persoas beneficiarias, como para a sociedade en xeral xa que se realizan charlas, tras o regreso da estadía, para dar a coñecer a experiencia.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abre esta convocatoria a todo o PAS e o PDI desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar ás persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur global e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

2. CARACTERÍSTICAS DOS PCC OFERTADOS

A Oficina de Cooperación e Voluntariado poderá financiar varios PCC en función das solicitudes recibidas, e poderá optar todo aquel PDI ou PAS de centros propios da Universidade da Coruña que presente un proxecto de coñecemento dun proxecto de cooperación para levar a cabo un traballo de investigación, técnico e/ou acción-participación, que conte co apoio dunha ONGD, universidade ou calquera outro axente da cooperación, que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte ou socio local.

Os eidos de actuación dos PCC poderán ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación etc.) ou de calquera outro tipo (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de persoal técnico local etc.)

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

A persoa solicitante deberá:

1. Ser PAS laboral ou funcionario, ou ben pertencer aos corpos docentes universitarios establecidos na Lei orgánica de universidades, nalgunha das figuras establecidas no Decreto 266/2002 do 6 de setembro de contratación de profesorado, que perciba as



súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC. Esta condición deberá posuírse tanto no momento da solicitude da bolsa, como no momento en que teña lugar a execución do programa de traballo na institución de acollida. **Será responsabilidade da persoa candidata informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade.**

2. Solicitar o PCC a través das canles habilitadas ao efecto e nos modelos habilitados a tal fin, presentando os anexos requiridos (segundo os anexos que figuran a partir da páxina 9) que inclúa a carta de presentación asinada pola ONGD/Entidade de destino. Será responsabilidade do/a solicitante establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas de visita e as actividades a realizar.

4.DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA.

Os PCC que se ofertan terán unha duración mínima **de dez días e máxima de noventa**. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación desta convocatoria e até o día **2 de novembro de 2022**, sen superar nunca o período máximo establecido.

5. CONDICIÓN ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS

1. Esta convocatoria finánciase con fondos propios da Universidade da Coruña con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 08000806-422D-48101 por un importe inicial de 3.500 euros, para axudas para PDI en Cooperación ao Desenvolvemento,
- 08000806-422D-48201 por un importe inicial de 3.500 euros, para axudas para PAS en Cooperación ao desenvolvemento.

Isto é así sen prexuízo de que estes importes poidan ser incrementados en función da dispoñibilidade orzamentaria. No caso de que non haxa candidaturas nun dos sectores, as bolsas poderán concederse a solicitantes doutro sector.

2. As ditas axudas consistirán no seguinte:

- **a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España**
- **o seguro da viaxe (accidentes, enfermidade e responsabilidade civil)**
- **unha achega para os gastos derivados da manutención no país de destino**

3. O aloxamento e os desprazamentos internos ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto correrán a cargo da ONGD ou universidade que ampara ao PDI/PAS, da súa contraparte ou socia local ou da propia persoa solicitante.

4. A estadía do PDI ou do PAS poderase conceder con ou sen axudas de custo.

5. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS

O aboamento da contía farase da seguinte forma:

- Achegarase o 80 % da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes.
- Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento en que se entregará o 20 % da axuda restante, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación deste pagamento, o PDI/PAS, deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.

2. O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido. Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

3. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As circunstancias de forza maior (enfermidade, baixa, falecemento dun familiar de 1º ou 2º grao, alteracións da orde no país de destino etc.) non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada en caso de que non se realice a estadía. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente

convocatoria, poderase pospoñer a estadía, sempre de acordo coa institución de destino e sempre que se lle notifique o cambio á OCV.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A) Criterios de prioridade (Por orde xerárquica):

1. Terán prioridade aquelas persoas que soliciten o PCC, en calquera das súas versións, por primeira vez.
2. Terán prioridade os PCC que se executen en países prioritarios para a cooperación galega segundo o Plan anual da cooperación galega 2022.

3. Terán prioridade as candidaturas que se adscriban a proxectos financiados a través de fondos públicos.
4. Terán prioridade as candidaturas que teñan un especial interese para o desenvolvemento das actividades de cooperación da UDC e poida derivar en futuros traballos académicos.
5. Terán prioridade os PCC en que se soliciten estadías máis longas.
6. Terán prioridade as persoas candidatas cunha actividade laboral na UDC relacionada coa cooperación ao desenvolvemento.
7. Concederáse un máximo de dúas PCC por país. De se presentaren máis de dúas solicitudes para un mesmo destino procedentes dun mesmo centro ou servizo, as persoas que realizarán a estadía decidiránse aplicando os demais criterios de preferencia.
8. Desempate (antigüidade na UDC, idade, días...)

B) Requisitos solicitados

1. Que o traballo que desenvolva a persoa solicitante no Proxecto de Cooperación ao desenvolvemento estea de acordo coa súa actividade profesional.
2. Que o Proxecto en que participe a persoa solicitante teña unha repercusión práctica, avaliable e cuantificable.
3. Que o obxectivo do Proxecto en que participe a persoa solicitante estea dirixido a satisfacer directa ou indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas dos países en desenvolvemento.
4. Que o Proxecto conte cun socio ou contraparte no lugar da súa execución, que poderá ser tanto unha persoa física como xurídica, e que represente lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias. Valorarase especialmente a participación como contrapartes de universidades ou doutras institucións de investigación ou de ensino superior, aínda que tamén será posible a intervención como socias no país de destino de organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras organizacións.

C) Criterios de exclusión ou renuncia

1. Só se admitirá unha candidatura por persoa
2. As persoas candidatas que fosen beneficiarias da mesma bolsa en dúas ou máis convocatorias anteriores, quedarán excluídas nesta.
3. As persoas que presenten a súa candidatura cun proxecto alleo á temáticas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento.

4. As persoas interesadas deberán comunicar a súa renuncia á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renunciacións poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas polos titulares ou reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.

5. A OCV resérvase o dereito de suspender a convocatoria no caso que as condicións no país de destino empeoren ou que as autoridades sanitarias desaconsellen a actividade no seno da entidade de destino por mor da covid ou calquera outra situación sobrevida.

8.COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión encargada da selección das solicitudes estará formada por:

- a. Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- b. José Jesús Cendán Verdes, director da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- c. Lorena Rilo Pérez, técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado

9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓN E DATAS DE PRESENTACIÓN DAS AXUDAS

A) Prazo e modo de presentación da solicitude

O impreso para presentar as solicitudes está dispoñible na páxina web da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC: udc.gal/ocv.

A solicitude presentarase a través do Rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Casa do Lagar, campus de Elviña, 15191 A Coruña) ou de Ferrol (rúa Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, 15403. Ferrol) en horario das 9:00 ás 14:00 h e a data límite para a entregar será o 22 de abril de 2022

Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante, utilice un rexistro diferente ao da propia UDC, deberá informar á comisión a través do correo electrónico ocv@udc.es que foi realizado este trámite.

B) Documentación que debe achegarse ao impreso de solicitude

A solicitude de participación na convocatoria formalizarase nos anexos que se achegan a esta convocatoria:

- DATOS PERSOAIS e do proxecto. ANEXO I

- Achegarase o **ORZAMENTO** da viaxe á cidade/país de destino, o máis estimativo posible.
- Achegarase o **ORZAMENTO E COBERTURA** do seguro da viaxe (transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía dun familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento dun familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil, gastos de PCR durante a viaxe, prolongación da viaxe por cuarentena, cancelación por positivo antes da viaxe, enfermidade e responsabilidade civil, que, como mínimo, teña unha cobertura para enfermidade de 30.000 €).
- Resumo das ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCC en que se vai participar. ANEXO II
- CARTA DE MOTIVACIÓN, xustificando o perfil do PDI/PAS e a súa adecuación ao posto. ANEXO III
- CARTA DE PRESENTACIÓN asinada pola ONGD, contraparte local, universidade ou polo director ou directora do proxecto de cooperación en que expresará **claramente** o seu interese en que o PDI/PAS realice o PCC. ANEXO IV

C) Prazos de resolución e adxudicación das axudas.

Nun máximo de 20 días desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación informará sobre a correspondente resolución. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

As concesións comunicaránse por correo electrónico directamente ás persoas interesadas. Asemade publicaranse as resolucións de concesións en: udc.es/ocv

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico en que se notifique a aprobación da súa PCC por parte da UDC, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia axuda nun prazo de cinco días naturais.

2. A aceptación ou a renuncia realizarase a través do formulario habilitado a tal fin pola OCV e enviado por correo electrónico ás persoas interesadas no momento no que se lles comunica a concesión.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS TRAS A ESTADÍA

1. Nun período máximo de 10 días naturais tras a fin da realización da estadía, a persoa beneficiaria da bolsa PCC presentará á Oficina de Cooperación e Voluntariado a seguinte documentación:
 - a) A xustificación orixinal do desprazamento (preferentemente presentarse: factura do billete de avión e tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada, etc)
 - b) A xustificación orixinal da contratación do seguro de accidentes e enfermidade.
2. A continuación, nun prazo de 20 días naturais tras a fin da estadía deberá entregar a seguinte documentación:
 - a) Un pequeno informe final sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que se lle facilitará pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.
 - b) Documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .jpg) da súa participación no PCC.
 - c) Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadía.
3. Participar nunha actividade de sensibilización que determinará a Oficina de Cooperación e Voluntariado, en que relatará a súa experiencia no terreo.
4. Cumprir coas normas sanitarias do país de entrada, de saída e dos países nos que se fagan as escalas correspondentes.

A Coruña, 22 de marzo de 2022

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

**ANEXO I
SOLICITUDE**

Nome e apelidos _____

DNI/NIE _____

Posto _____

Departamento _____

Área _____

Teléfonos _____

Correo electrónico _____

País onde se desenvolverá o proxecto _____

PDI ☐PAS ☐**Datos do proxecto****1. Título do proxecto****2. Datos da ONG colaboradora**

Nome da ONG/Entidade colaboradora			
Persoa de contacto		Nº rexistro Galego de Axentes de Cooperación	
Páxina web		Tel.	
Correo electrónico		Fax.	
Enderezo a efectos de notificación			

3. Datos da contraparte local

Nome da ONG/Entidade colaboradora			
Persoa de contacto			
Páxina web			
Correo electrónico		Tel.	
Data de inicio		Data de finalización	

Importe total solicitado á OCV:

Concepto	Importe
Billete de avión	
Seguro da viaxe	
Contribución aos gastos de manutención	

A Coruña, _____ de _____ de 2022
(sinatura)



ANEXO II FORMULARIO DO PROXECTO

1. DATOS BÁSICOS DO PCC

Título do PCC ou posto:

Lugar ou lugares de execución do PCC:

Duración do PCC:

Ámbito de actuación do PCC (saúde, vivenda, educación, saneamento...):

Breve resumo do proxecto:

Obxectivos xerais e específicos do PCC:

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PCC

(utilice máis espazo se for necesario)

3. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indique as datas de realización, os prazos, o comezo e a fin das actividades...)



ANEXO III
CARTA DE MOTIVACIÓN

1. CARTA DE MOTIVACIÓN DA PERSOA CANDIDATA



ANEXO IV
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD/UNIVERSIDADE

Don/dona, _____, con DNI n.º _____ en
calidade de _____, da entidade _____,
con domicilio social en _____
cidade _____, código postal _____, CIF _____,
teléfono _____ fax _____,
correo electrónico _____
Nome do proxecto _____.
País _____.

EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a
responsabilidade no país de destino do/da voluntario/a.

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona _____
para participar no Proxecto de coñecemento da cooperación (PCC) en
_____ dentro do proxecto de cooperación denominado
_____ que
desenvolve coa contraparte ou socio local _____.

_____, _____ de _____ de 2022

(sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)